

DECRETO CONVOCATORIA XGL - EXP. Nº: 2026/G005/000033.

Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **luns, día 27 de xullo de 2026, ás 10.00 h**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA, MEDIO AMBIENTE, XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS HUMANOS, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

PERSOAL

1. DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A 1 PRAZA DE TÉCNICO/A PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023).

2. DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A 1 PRAZA DE TÉCNICO/A MEDIO/A DE XESTIÓN PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2023).

3. PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE DÚAS FUNCIONARIAS DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA DESEMPEÑAR PRAZAS DE TÉCNICAS MEDIAS DE XESTIÓN (GRUPO A (SUBGRUPO A2); ESCALA: ADMINISTRACIÓN XERAL; SUBESCALA: XESTIÓN).

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

4. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN DUMPER DE OBRA PARA O RECINTO DO CEMITERIO MUNICIPAL DE SAN FROILÁN (EXP. 2026/C004/000010). ADXUDICACIÓN.

FOMENTO

ACTAS E GOBERNO

PPF/nmf

Ref: 26decreto054

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27-7-2026

5. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LUGO PARA A ADHESIÓN Á REDE EUSUMO CO OBXECTO DE FOMENTAR O COOPERATIVISMO E A ECONOMÍA SOCIAL.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará aos membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, na Secretaría Xeral.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ao secretario xeral do Pleno, por substitución da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e ao interventor xeral municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ao disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola alcaldesa presidenta, dona María Elena Candia López.